

NUMAX NA ESCOLA 2025/2026



Ponyo no acantillado (Hayao Miyazaki, 2008, Versión galega)

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

NUMAX na Escola renova a súa oferta de proxeccións educativas para os cursos de infantil e primaria cun catálogo repleto de obras de prestixio internacional adaptado aos currículos educativos vixentes e estruturado en base ás idades recomendadas de visionado.

- 📖 Cada sesión vai acompañada de **materiais didácticos** (unidades, actividades, making of) que faciliten o traballo na aula antes e despois da proxección.
- 🔊 O día da sesión haberá unha **presentación en sala** a cargo de persoal especializado de NUMAX.
- 🕒 **Horario:** De **luns a venres** en sesión matinal, preferentemente de **10:00 a 12:00** horas.
- 💎 **Prezo: 4€ por alumna/o**, a tarifa mínima do Cinema NUMAX.
- 👥 Estas condicións serán válidas para grupos mínimos de 40 estudantes.

🌐 numax.org/na-escola
✉ escola@numax.org
☎ 663 975 767 (Xan Gómez Viñas)



PEZQUEÑÍN, O PEQUENO AVENTUREIRO (NI)

VV.AA., 54 min, VE

Pezqueñín é un peixe moi pequeno cunha grande imaxinación. Conta historias tan increíbles que nin sequera os seus amigos do cole o cren. Esta historia complementarase con outras cinco aventuras a mar de divertidas que teñen como escenario o fondo mariño.

📺 Fondos mariños / Creatividade / Julia Donaldson

ERNEST & CELESTINE. CONTOS DE PRIMAVERA (NI)

Aurélie Raphaël, 48 min, VE

O bo tempo, o sol e o vento de Charabia, terra natal de Ernest, anuncia a primavera. Para celebrar a súa chegada, Celestine e as súas amigas ratiñas preparan gorentosos pasteis e fermosos decorados florais.

📺 Acuarela / Amizade

MIRONINS

Mikel Mas Bilbao / Txesco Montalt, 61 min, Español, VO

Tres pingas de pintura cobran vida nos cadros de Joan Miró para vivir divertidas e surrealistas aventuras.

🏆 Nomeada aos Goya / Premio Gaudí a mellor filme de animación

📺 Artes Plásticas / Joan Miró

O CARACOLE A BALEA

Max Lang / Daniel Snaddon, 57 min, VE

Con espírito inquieto e ganas de descubrir mundo, un pequeno caracol embárcase nunha viaxe, na cola dunha balea a través dos mares. Pero un día, a balea perde o rumbo e remata varada nunha afastada baía. Como vai facer o pequeno caracol para rescatala?

📺 Natureza salvaxe / Amizade / Julia Donaldson

ZIBILA E O PODER DAS RAIAS

Isabelle Favez, 55 min, VE

Zibila é unha cebra adoptada por unha familia de cabalos. No seu primeiro día de escola os seus compañeiros rin dela por ter raias, pero grazas a unha grande aventura ha de recuperar a confianza.

📺 Natureza / Diversidade

O GATO TABBY (NI)

VV.AA., 50 min, VE

No corazón da vibrante Londres, Tabby, un gato cantante, e o seu amigo músico, Fred, cativan o público coas súas actuacións musicais a dúo. A súa alegría enche as rúas da cidade ata que, de forma inesperada, se separan.

📺 Amizade / Julia Donaldson

SUPERVERME

VV.AA., 55 min, VE

Animais do bosque, non temades, Superverme está aquí! Longo, forte e con habilidades que vos sorprenderán. Filme acompañado de catro pequenas historias sobre a amizade e o compañeirismo.

📺 Amizade / Aventuras / Julia Donaldson

O GRÚFALO

Jakob Schuh / Max Lang, 55 min, VE

Un ratiño pasea polo bosque cando se atopa cun raposo, un moucho e unha serpe tan fementos coma el. O ratiño declina os seus convites porque ten unha cita co grúfalo. Pero, que é un grúfalo?

🏆 Nomeado aos Oscar

📺 Natureza / Aventuras / Julia Donaldson

NEVE E AS ÁRBORES MÁXICAS

VV.AA., 50 min, VE

Catro historias curtas protagonizadas por un neno perguiceiro, unha nena e a súa tea máxica, unha árbore que bota a andar e unha excursión interrompida por unha tormenta de Neve.

📺 Amizade / Diversidade

SYLVANIAN FAMILIES

Kazuya Konaka, 65 min, VE

Festival da Estrela chega de novo este ano á Aldea Sylvania. Mentres todo o mundo o agarda con impaciencia, a Coella Chocolate Freya está preocupada. O día do festival coincide co aniversario da súa nai e non se lle ocorre ningún agasallo. Ademais, Freya foi designada para o importante papel de preparar o evento principal do festival: a «Árbore do ano».

📺 Sylvanian / Amizade



A VIAXE DE ERNEST E CELESTINE

Jean-Christophe Roger, Julien Chheng, 80 min, VE

Ernest e Celestine regresan á Charabie para arranxar o seu fermoso violín, alí descubren que a música está prohibida desde hai anos e para eles vivir sen música é imposible.

📺 Música / Adaptación literaria

YUKU E A FLOR DO HIMALAIA

Arnaud Demuynck, Rémi Durin, 65 min, VE

A ratiña Yuku deixa a súa familia para ir á procura dunha flor que só medra nas montañas do Himalaia para ofrecerlle os seus poderes á súa avoa.

📺 Música / Fábulas

VALENTINA

Chelo Loureiro, 70 min, Galego, VO

Valentina soña con ser trapecionista e cre que por ser Down non poderá conseguilo, pero a súa avoa asegúralle que nada é imposible.

🏆 Goya a mellor filme de animación

📺 Diversidade / Superación persoal

A GALIÑA TURULECA

E. Gondell / V. Monigote, 80 min, Galego, VG

Turuleca é unha galiña singular. O seu peculiar aspecto e a súa imposibilidade para poñer ovos desata as burlas do resto do galiñeiro. Un día descobre o seu gran talento oculto: Turu non só pode falar, senón que canta como xamais se oíu cantar a unha galiña!

📺 Música / Solidariedade



HEIDI. O RESCATE DO LINCE (NI)

Toby Schwarz, Aizea Roca Berridi, 78 min, VES

Heidi recibe un convite para pasar o verán na costa, a emoción da aventura ilusionaa, pero todo muda ao atopar un lince ferido. Decidida a axudalo, conta co apoio do seu mellor amigo Pedro para coidalo e devolvelo coa súa familia na montaña.

📺 Ecoloxismo / Amizade

OLA, FRIDA! (NI)

Karine Vézina, André Kadi, 82 min, VE

Esta é a historia dunha nena diferente. O seu mundo é Coyoacán, en México. Brillante, vibrante, todo lle interesa. E cando agroman as dificultades, afrontaas cunha imaxinación desbordante. Esta nena chámase, Frida Kahlo!

📺 Arte / Educación en igualdade / Biopic

LOLA E O PIANO CREBACABEZAS (NI)

VV.AA., 57 min, VE

Lola, de 11 anos, é irmá de Simón, de 5, que vive no seu propio mundo. Observándoo, decátase do sensible que é aos pequenos sons ocultos. Xunto á súa amiga Rolih, deciden construír unha máquina de rúidos para comunicarse con el.

📺 Diversidade funcional e intelectual / Cooperación



A QUIMERA DO OURO (NI)

Charles Chaplin, 95 min, VOSE

Durante a febre do ouro, os buscadores desafían o perigoso Paso de Chilkoot, Alaska, coa esperanza de facérense ricos nas montañas nevadas. Xusto cando Big Jim McKay descobre ouro, estoupa unha treboada que leva un buscador solitario a refuxiarse nunha cabana. Un dos cumios da arte de Charlot que cumpre neste 2025 o seu centenario.

📺 Charlot / Nadal

OPERACIÓN PAPÁ NOEL

VV.AA., 56 min., VE

Un programa de curtometraxes cargado de aventuras sorprendentes, emocións e moita, moita neve! Ideal para gozar do tempo invernal e celebrar o Nadal.

📺 Nadal / Amizade

+6

O PEQUENO NICOLÁS

Amandine Fredon, Benjamin Massoubre, 82 min, VE

Debruzados sobre un gran folio en branco, nalgún lugar entre Montmartre e Saint-Germain-des-Prés, Sempé e Goscinny (creador de Asterix) dan vida ao pequeno Nicolás, un neno led e falcatrueiro.

📖 Adaptación literaria / Xogo

A ILLA DAS AVES

VV.AA., 55 min, VE

Un convite a conversar coa natureza desde a mirada curiosa de tres nenas que senten o impulso de desafiar os seus medos para achegarse ao descoñecido e aprender.

🌿 Natureza / Educación en igualdade

OINK OINK

Mascha Halberstad, 72 min, VE

Cando Babs, unha nena de 9 anos, recibe a un porquiño chamado Oink como agasallo de seu avó, convence a seus pais de quedar con el coa condición de que siga un adestramento para cachorros.

🐷 Amor polos animais / Vida rural

DUNIA E OUTROS CONTOS DO MUNDO

VV.AA., 58 min, VE

Dunia é unha cativa de seis anos á que lle gusta moito xogar, aprender e descubrir novas historias. Vive co seu avó en Alepo, ata que un día se ve obrigada a deixar o seu país por culpa da guerra. Todos xuntos iniciarán unha grande aventura na procura dun novo fogar.


🌍 Conflitos bélicos / Multiculturalidade

MOMIAS

Juan Jesús García Galocha, 88 min, VE

Por mandato imperial, a princesa Nefer debe casar con Thut, un ex auriga de carros. Ningún desexa o matrimonio; Nefer porque ansía a liberdade e Thut porque é alérxico ao matrimonio. Pero os designios dos deuses son irrevogables.

🏺 Antigo Exipto

+7

SALVAXES

Claude Barras, 87 min, VE

Na gran selva tropical de Borneo, Keria acolle un bebé orangután, atopado na plantación de palma de aceite na que traballa o seu pai. Co seu curmán Selaí e o bebé orangután, Keria loitará contra a destrución do bosque, aventura que lle permitirá conectar coas súas orixes.

🌿 Ecoloxismo / Cambio climático

PONYO NO ACANTILADO

Hayao Miyazaki, 102 min, VG

Adaptación libre de *A sereíña*, aclamada por críticos e crianzas de todo o mundo como unha das obras mestras do anime. Desde este curso poderemos gozar da súa proxección en versión dobrada ao galego.

🌿 Ecoloxismo / Cinema en galego / Anime

FLOW, UN MUNDO QUE SALVAR

Gints Zilbalodis, 83 min, Sen diálogos, VO

Un gato esperta nun mundo cuberto de auga, onde a raza humana parece ter desaparecido. Busca refuxio nun barco cun grupo doutros animais. Pero levarse ben con eles resulta ser un reto aínda maior que superar o seu medo á auga. Oscarizada peza de animación que non precisa da palabra para hipnotizarnos de principio a fin.

🏆 Mellor filme de animación Premios Oscar

🌿 Ecoloxismo / Cambio climático

UN BARCO NO XARDÍN

Jean-François Laguionie, 77 min, VE

A inicios dos 50, Pierre comeza a construción da réplica do *Spray*, barco lendario co que Joshua Slocum deu a volta ao mundo en solitario en 1895. Embárcanse no proxecto a súa muller Geneviève e o seu fillo François, que sente paixón por este proxecto e pola figura de Slocum, símbolo de liberdade.

🌊 Descubrimentos / Aventura

O MEU VECIÑO TOTORO

Hayao Miyazaki, 86 min, Xaponés, VOSE

Volve a maxia de Totoro, o filme que deu a coñecer a Hayao Miyazaki. Satsuki e Mei son dúas irmás que van vivir ao campo e entran en contacto co espírito do bosque.

🌿 Fantasía / Anime / Natureza

A VIDA DE CABACIÑO

Claude Barras, 66 min, Francés, VOSE

O filme de animación máis premiado dos últimos tempos conta a historia dun neno que, tras quedar orfo, entra nun fogar de acollida. Malia a difícil adaptación, fará grandes amizades.

🏆 Mellor Filme Animación Premios César

🌿 Compañeirismo / Amizade / Superación da perda

A REBELIÓN DOS CONTOS

VV.AA., 58 min, Inglés, VOSE/VE

Adaptación moderna e politicamente incorrecta do *best-seller* de Roald Dahl.

🏆 Nomeado aos Oscar

🌿 Adaptación satírica / Roald Dahl

NICKY, A APRENDIZ DE BRUXA

Hayao Miyazaki, 101 min, Xaponés, VOSE / VE

Nicky é unha moza bruxa de 13 anos en período de adestramento, que se divirte voando na súa vasoira xunto a Jiji, un sabio gato negro. Segundo a tradición, todas as bruxas desa idade deben abandonar o seu fogar durante un ano para saber valerse por si mesmas.

🌿 Amizade / Responsabilidade / Crecemento

PORCO ROSSO

Hayao Miyazaki, 94 min, XAP, VOSE/VE

Período de entreguerras. Porco é un cocho aviador que frustra todos os actos perpetrados polos piratas aéreos do Adriático. Estes, decididos a acabar co valente e hábil aviador, pónense de acordo para contratar a un aventureiro americano cuxa misión será eliminada.

🌿 Aviación / Pacifismo / Anime

+8

O PRINCIPIÑO

Mark Osborne, 2015, 106', Francés/Inglés, VOSG

Fantástica aproximación ao clásico de Saint-Exupéry. Unha obra visualmente asombrosa que mestura con mestría animación 3D e a artesanal técnica do stop-motion.

🏆 Mellor Filme Premios Annie /

Sección Oficial Cannes

🌿 Espírito de superación / Autocoñecemento / O valor das pequenas cousas

A VIAXE DE CHIHIRO

Hayao Miyazaki, 124 min, Xaponés, VOSE

Chihiro é unha nena que viaxa en coche cos seus pais. Logo de atravesar un túnel chegan a un mundo fantástico, no que só hai lugar para os deuses de primeira e segunda clase.

🏆 Oscar Mellor Filme Animación

🌿 Obra mestra da animación / Anime / A imaxinación ao poder

A CANCIÓN DO MAR

Tomm Moore, 90 min, ING, VOSE/VE

Ben e Saoirse viven nun faro na parte máis alta dunha pequena illa canda ao seu pai o cal, para protexelos dos perigos do mar, envíaos a vivir coa súa avoa á cidade. Alí Ben descobre que súa irmá pequena é unha Selkie, unha nena foca que coa súa canción pode liberar aos seres máxicos dos sortilexios que lles fixo a Bruxa dos mouchos.

🌿 Mundos mariños / Cartoon Saloon

+10


A LINGUA DAS BOLBORETAS

José Luis Cuerda, 97 min, Español, VO

Durante a Segunda República, nunha aldea do interior de Galicia, don Gregorio ensina ao pequeno Moncho toda a súa sabedoría e coñecementos de literatura, natureza e a vida en xeral. Porén, a ameaza política planea sobre a aldea e sinala o progresista don Gregorio ante un posible golpe fascista. Adaptación de Rafael Azcona a partir de tres relatos de *Que me queres amor?* de Manuel Rivas.

🌿 Guerra Civil / Ensino / Adaptación literaria

LIBRARÍA NUMAX



A Librería NUMAX forma parte da cooperativa de traballo asociado sen ánimo de lucro NUMAX S. Coop. Galega, dende onde tentamos dinamizar o noso entorno cultural procurando a colaboración con outros proxectos da economía social. Colaboras con nós?


- 📖 Orientación e selección de itinerarios bibliográficos temáticos para bibliotecas
- 🔊 Servizo de novidades editoriais
- 🎬 Selección e escolla de DVDs e Blu-Rays
- 👥 Asesoramento profesional e personalizado para a elección de libros de clubs de lectura
- 👁️ Posibilidade de realizar visitas organizadas á librería con acompañamento e guía das traballadoras
- ★ **10% de desconto en compras de centros educativos.** Contáctanos para facer os teus pedidos de libros, audiovisuais ou visitas no correo electrónico libreria@numax.org

Itinerarios

DVDS DE CINEMA DE ANIMACIÓN

ECOLOXISMO E NATUREZA

Educación Primaria

	Mi vecino Totoro Hayao Miyazaki (VÉRTIGO FILMS)		Inside Out 1-2 Pixar (DISNEY)		Guía definitiva dos mamíferos da Galiza Nacho Munilla e Pancho Lapeña (IGNACIO MUNILLA)		Plasticus Maritimus. Unha especie invasora Ana Pêgo (KALANDRAKA)
	Robot salvaje Chris Sanders (DREAMWORKS)		Migración: Un viaje patas arriba Benjamin Renner e Guylo Homsy (UNIVERSAL)		Illas á vista. Un paseo polo parque nacional das illas atlánticas de Galicia de Rena Ortega (TRIQUETA EDITORA)		O gran libro dos nosos montes Blanca Millán (CUMIO)

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9, baixo
Santiago de Compostela
T. 981 560 250 | www.numax.org
libreria@numax.org

Desde 2019 NUMAX conta coa distinción Selo de **Librerías de Calidad**, certificación que outorga Acción Cultural Española (AC/E) e a Asociación de Cámaras do Libro de España.

Premio da Federación de Librerías de Galicia 2022

